

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA  
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO,  
O 10 DE NOVEMBRO DE 2011,  
BAIXO A PRESIDENCIA DO  
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

**PROXECTOS DE LEI**

**CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA**

- Proxecto de Lei galega de protección xeral das persoas consumidoras e usuarias.

**DECRETOS**

**CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL**

- Decreto polo que se establecen as normas zootécnicas e sanitarias das producións avícolas artesanais e se crea o Rexistro galego de explotacións avícolas artesanais.

**ACORDOS**

**CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA**

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do acordo de colaboración entre a Axencia Galega de Emerxencias e Augas de Galicia sobre comunicación bilateral, información recíproca e elaboración de protocolos de actuación conxunta en materia de atención de emerxencias e protección cidadá.

**CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS**

- Acordo polo que se autoriza a colaboración técnica e financeira da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas co Concello de Porto do Son (A Coruña), para a construción dun punto limpo no concello, por importe de douscentos noventa e seis mil trescentos cincuenta e cinco euros con noventa e nove céntimos (296.355,99 €).
- Acordo polo que se autoriza a colaboración técnica e financeira da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas co Concello de Vila de Cruces (Pontevedra), para a construción dun punto limpo no concello, por importe de douscentos sesenta e dous mil oitocentos dezasete euros con corenta e dous céntimos (262.817,42 €).

## **CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA**

- Acordo polo que se autoriza ao Igape a manter condicións especiais de subsidiariedade e superar o prazo de 5 anos, na modificación de determinadas condicións no aval concedido a Tablicia, S.A. -Expediente N° AV/0685-, polo importe dun millón novecentos cincuenta mil euros (1.950.000,00 euros).

## **CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**

- Acordo polo que se autoriza a adquisición de compromisos de gastos de carácter plurianual por parte da Secretaría Xeral de Universidades da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, en relación coas prórrogas dos programas María Barbeito (nova adxudicación do ano 2009), Isidro Parga Pondal (nova adxudicación do ano 2008) e Isabel Barreto (nova adxudicación do ano 2009), ao abeiro das accións de formación de investigadores do Programa de Recursos Humanos do Plan Galego de Investigación, Desenvolvemento e Innovación Tecnolóxica – INCITE (2006-2010) para o ano 2011 cofinanciadas polo Fondo Social Europeo, por un importe total de tres millóns seiscientos trinta e cinco mil cento noventa e catro euros (3.635.194 €).

## **CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL**

- Acordo polo que se autoriza a Consellería do Medio Rural, para a sinatura dun convenio de colaboración co Ministerio de Medio Ambiente e Medio Rural e Mariño, para a execución, seguimento e avaliación das accións incluídas nos plans de zona das súas zonas rurais, por un importe máximo para os orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia de oitenta e cinco millóns setenta mil euros (85.070.000,00 euros).

## **CONSELLERÍA DO MAR**

- Acordo polo que se autoriza o expediente de validación do gasto xerado pola execución dos traballos de determinadas entidades nas cualificadas como “zonas C” durante o mes de setembro de 2011, por un importe total de seiscientos cincuenta e nove mil catrocentos noventa e cinco euros con corenta céntimos (659.495,40).

## **INFORMES**

### **CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA**

- Informe sobre o Tax Lease.

## **A XUNTA ELABORA UNHA LEI PIONEIRA QUE INCREMENTA O NIVEL DE PROTECCIÓN E OS DEREITOS DOS CONSUMIDORES GALEGOS**

- ***Considérase a creación da Rede de Alerta Galega de Produtos de Consumo e Rede Galega de Educación para un Consumo Responsable, ademais da Mesa para o Fomento do Consumo Responsable***
- ***Con esta norma créase a figura do mediador, a Consellería continúa coa súa aposta a prol da resolución extraxudicial dos conflitos, a través da mediación e a arbitrase para evitar o colapso da xustiza neste eido***
- ***Obrígase as empresas a dispor de oficinas físicas de atención aos consumidores ou dun teléfono gratuito e correo electrónico, para as que non contan con establecementos na Comunidade***
- ***O establecemento dun réxime sancionador propio é outra das principais novidades da Lei, no caso de infraccións moi graves as empresas non poderán obter axudas e subvencións***
- ***Regúlanse tamén por primeira vez na Comunidade as competencias das entidades locais en materia de consumo, á vez que se considera a creación dun órgano colexiado de coordinación, cooperación e participación coa Administración autonómica***

A Consello da Xunta vén de dar o seu visto e praxe ao anteproxecto de Lei galega de protección xeral dos consumidores e usuarios, elaborada pola Consellería de Economía e Industria para elevar o nivel de protección das persoas consumidoras. Esta norma pioneira situará a Comunidade Autónoma de Galicia na vangarda do artellamento dun contexto normativo, con instrumentos legais e administrativos eficaces, que permitirán aos consumidores o exercicio efectivo dos seus dereitos.

Despois de 26 anos de vixencia da norma anterior, a Consellería de Economía e Industria elabora una nova Lei xeral de protección dos consumidores e usuarios de Galicia, co establecemento dun rigoroso sistema de dereitos; a modernización dun novo marco legal que inclúe o acervo normativo europeo e novas realidades e canles de compra como os establecidos a través da internet.

Tamén se avanza no afianzamento da protección dos dereitos dos consumidores máis vulnerables e colectivos con necesidades especiais; a mellora da formación na materia para facilitar que os consumidores poidan exercitar os seus dereitos e proporcionar seguridade xurídica a consumidores e empresarios, e cunha clara aposta polas vías extraxudiciais na resolución de conflitos.

Esta norma fai unha definición clara dos dereitos dos consumidores fronte aos riscos que poidan comprometer a súa seguridade, a prol da protección dos seus lexítimos intereses económicos e sociais, establecendo a obriga de ofrecer información clara, veraz e transparente sobre os diferentes bens, produtos e servizos; a reparación e

indemnización dos danos e perdas sufridos, á vez que clarifica o seu dereito a usar calquera das linguas oficiais da Comunidade Autónoma de Galicia.

### **As reclamacións**

O anteproxecto tamén mellora o proceso de reclamacións dos consumidores, establecéndose a obriga de que o empresario conteste as reclamacións nun mes e, no caso de servizos de carácter continuado, este prazo redúcese a dúas horas. Ademais, obrígase as empresas a dispor de follas de reclamacións, de oficinas físicas de atención aos consumidores ou dun teléfono gratuito e correo electrónico, para as empresas sen establecementos na Comunidade.

### **A oportunidade da arbitrase**

Con esta norma, a Consellería continúa coa súa aposta a prol da resolución extraxudicial dos conflitos, especialmente a través da mediación e a arbitrase de consumo, para evitar o colapso da xustiza neste eido. Establécese a obriga de mediar en todas as reclamacións como paso previo á súa resolución, créase a figura do mediador en consumo e aséntanse as bases para a configuración dunha Rede de Mediación en consumo, no territorio de Galicia. Neste eido, cómpre destacar que as sociedades mercantís públicas autonómicas que manteñan relacións de consumo, deberán adherirse á arbitrase.

### **Réxime sancionador**

Ademais, o establecemento dun réxime sancionador propio é outra das principais novidades da lei, no que cómpre destacar que, no caso de infraccións moi graves, as empresas non poderán obter axudas e subvencións, durante catro anos, e incluso poderíase impedir á empresa a contratación coa Administración.

### **Un mercado máis transparente**

O anteproxecto de lei avoga pola existencia dun mercado máis transparente e competitivo e impón máis competencias en materia de vixilancia do mercado. Neste eido, garántese a información previa sobre prezos ou contraprestacións; o carácter vinculante da publicidade e apúntase que as empresas só poderán manifestar que un consumidor se encontra en mora cando exista un recoñecemento do consumidor ou un título executivo que así o declare.

Ademais, protéxese ao consumidor contra as cláusulas abusivas e as prácticas comerciais desleais, garantindo a publicación no Diario Oficial de Galicia das cláusulas declaradas abusivas polos tribunais e tamén se dotará á inspección de consumo de maiores competencias en materia de seguridade en relación con posibles riscos no mercado.

### **Uns produtos máis seguros**

A norma incrementará a transparencia do mercado, fomentando e aumentando a confianza do consumidor nos produtos e servizos que se lle ofertan. Deste xeito, non só

os produtos senón tamén os servizos quedan englobados no deber xeral de seguridade que implica tanto os produtores como os distribuidores e créase a Rede de Alerta Galega de Produtos de Consumo, asentando as bases para a constitución dun sistema fiable de recollida de datos de accidentes.

O eido da formación ten un tratamento destacado nesta lei, como unha das principais contribucións para lograr un elevado nivel de protección e considérase a creación da Rede Galega de Educación para un Consumo Responsable ademais de crear a Mesa para o Fomento do Consumo Responsable.

### **Entidades locais**

Regúlase tamén, por primeira vez, na Comunidade Autónoma as competencias das entidades locais en materia de consumo, á vez que se considera a creación dun órgano colexiado de coordinación, cooperación e participación entre a Administración autonómica e as entidades locais, se establecen competencias plenas en materia de consumo, no ámbito da venda ambulante ou non sedentaria, feiras e mercados. Deste xeito contribuírase significativamente á mellora de todos os produtos que se vendan en Galicia.

## **MEDIO RURAL CREA UN MARCO NORMATIVO QUE PERMITE O CORRECTO DESENVOLVEMENTO DAS PRODUCCIÓN AVÍCOLAS ARTESANAIS**

- ***O Consello da Xunta aprobou hoxe o correspondente Decreto***
- ***Este marco zootécnico e sanitario é necesario para este tipo de explotacións artesanais, xa que as disposicións normativas básicas estatais en materia de ordenación están concibidas -sobre todo- para a avicultura industrial intensiva***
- ***Ademais, con este decreto as explotacións figurarán inscritas no Rexistro Galego de Explotacións de Avicultura Artesanal, integrado no Rexistro xeral de explotacións gandeiras de Galicia***
- ***As ditas producións deberán contar cun programa sanitario, que poderá ser establecido individualmente na explotación ou ben de xeito colectivo naquelas asociadas ou pertencentes a unha entidade recoñecida***

O Consello da Xunta aprobou hoxe o decreto da Consellería do Medio Rural polo que se establecen as normas zootécnicas e sanitarias das producións avícolas artesanais e se crea o Rexistro Galego de Explotacións Avícolas Artesanais, co fin de traballar nun marco normativo axeitado que permita o correcto desenvolvemento en Galicia destes sistemas artesanais de produción avícola.

A produción avícola galega, tanto de carne como de ovos, ten hoxe en día un carácter industrial que se planea maioritariamente sobre réximes de intensividade cun forte desenvolvemento tecnolóxico. Esta realidade coexiste con sistemas de produción tradicional, definidos pola súa condición artesanal e caracterizados polo seu escaso volume de produción e a calidade diferenciada dos seus produtos.

A importancia dos sistemas tradicionais radican na súa función coadjuvante no fomento e mantemento de razas autóctonas, na creación de rendas agrarias complementarias, na produción de alimentos diferenciados e, sobre todo, na fixación de poboación no medio rural. Por iso é polo que a Consellería do Medio Rural desenvolveu un marco zootécnico e sanitario para este tipo de explotacións artesanais, xa que as disposicións normativas básicas estatais en materia de ordenación zootécnica avícola son aplicables -por defecto- a calquera tipo de produción, pero é evidente que están concibidas sobre todo para a avicultura industrial intensiva.

### **Ámbito de aplicación**

Este decreto é de aplicación ás explotacións de aves de cría poñedoras de ovos para incubar, ata un máximo de capacidade de 50 aves adultas; ás de aves poñedoras de ovos de consumo, ata un máximo de 50 aves adultas; e ás de produción para carne, cun máximo de 400 aves de ceba ao ano. Estas explotacións figurarán inscritas no Rexistro Galego de Explotacións de Avicultura Artesanal, integrado no Rexistro xeral de explotacións gandeiras de Galicia.



### **Programa sanitario**

O programa sanitario será establecido individualmente na explotación ou ben de xeito colectivo naquelas explotacións asociadas ou pertencentes a unha entidade recoñecida que conte cun programa sanitario aprobado e cun soporte técnico para a súa execución nas explotacións. Este programa deberá contar cun punto específico de control de salmonela e será obrigatoria a vacinación fronte esta bacteria nas poliñas de recría de aves de cría ou de explotación, antes de entrar na fase de posta. Ademais, a autoridade competente en materia de sanidade animal, é dicir, a Dirección Xeral de Producción Agropecuaria da Consellería do Medio Rural, poderá realizar controis oficiais de salmonela nestas explotacións.

### **Requisitos nas instalacións**

En todas as explotacións deberá haber unha serie de condicións relativas a infraestruturas e instalacións. No caso que nos compete, as instalacións terán que estar o suficientemente delimitadas do exterior, para asegurar a protección fronte á entrada de vectores animais posibles transmisores de enfermidades ou de predadores; sistemas de limpeza e desinfección dos equipos e instalacións interiores e exteriores; as gaiolas ou outros dispositivos de transporte de aves e ovos deberán ser dun só uso ou ben de material reutilizable de fácil limpeza e desinfección; dispositivos de comedeiros e bebedeiros adecuados e en número suficiente para asegurar unha subministración adecuado ás aves; existencia de medios de illamento e observación de animais enfermos ou sospeitosos; se a explotación conta con incubadora, a zona de incubación estará separada da zona onde se localicen as aves.

### **Localización e distancias**

Co fin de reducir o risco de difusión de enfermidades infectocontaxiosas, calquera explotación que se instale con posterioridade á entrada en vigor deste decreto deberá respectar unha distancia mínima de 500 metros con respecto a explotacións avícolas industriais de calquera orientación zootécnica xa rexistradas e outras instalacións que poidan supoñer un risco sanitario como matadoiros de aves, fábricas de produtos para a alimentación animal, vertedoiros, plantas de tratamento de subprodutos de orixe animal non destinados a consumo humano e similares.

A distancia entre as explotacións rexistradas como avícolas artesanais consonte este decreto poderá reducirse a 250 metros. Porén, a Dirección Xeral de Producción Agropecuaria poderá excepcionalmente admitir distancias inferiores ás sinaladas entre explotacións artesanais por motivos xustificados de reordenación ou concentración de explotacións ou por motivos das particulares condicións xeográficas, sempre que se considere que non existe risco para a sanidade animal.

## **A AXEGA COLABORA CON AUGAS DE GALICIA PARA EVITAR EMERXENCIAS QUE POÑAN EN RISCO A SEGURIDADE DAS PERSOAS E O AMBIENTE**

- ***Instalará en 6 terminais informáticos de Augas de Galicia o sistema remoto EGAWeb do CAE 112, que permite coñecer practicamente en tempo real a información relacionada cos accidentes e incidencias producidas***
- ***O acordo establece protocolos conxuntos nos supostos de verteduras de terra a mar; incendios industriais; intrusión ou sabotaxe de infraestruturas hidráulicas e activacións de plan de inundacións, entre outros***

O Consello da Xunta autorizou esta mañá un acordo de colaboración entre a Axencia Galega de Emerxencias (Axega) e Augas de Galicia en materia de protección civil, co obxectivo de mellorar a prestación do servizo e optimizar procedementos, tempos e recursos no relativo ás emerxencias que poidan producirse do dominio público hidráulico no ámbito territorial da Demarcación Hidrográfica Galicia-Costa.

A finalidade do acordo é axilizar o intercambio de información establecendo procedementos de comunicación bilateral, información recíproca e protocolos de actuación conxunta entre o Centro de Atención ás Emerxencias 112 Galicia, da Axega, e o ente público Augas de Galicia, adscrito á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas.

Así, o texto establece os procedementos de comunicación bilateral e protocolos de actuación conxunta, de xeito que ambas as entidades estean informadas en relación con accidentes ou incidentes que se poidan producir no dominio público hidráulico competencia de Augas de Galicia, así como nas súas instalacións e infraestruturas.

O que se busca é unha actuación máis eficiente ante as posibles afeccións ou impactos ambientais que poñan en risco a seguridade das persoas e o ambiente e que esixan a intervención de servizos externos de atención sanitaria, seguridade cidadá, protección civil, extinción de incendios e salvamento, entre outros; calquera que sexa a Administración pública competente para a prestación material da asistencia requirida en cada caso.

Con este obxectivo, a Axega, ademais de comunicarlle a Augas de Galicia sobre os incidentes que poidan afectar o seu dominio hidráulico, comprométese tamén a enviar informes de predición meteorolóxica elaborados por Meteogalicia e a Axencia Estatal de Meteoroloxía (Aemet), e a instalar en 6 terminais informáticos de Augas de Galicia o sistema remoto EGAWeb do CAE 112, que permite coñecer practicamente en tempo real a información relacionada cos accidentes e incidencias producidas.

Pola súa banda, Augas de Galicia porá en coñecemento do 112, coa máxima prioridade posible, os incidentes que se poidan producir no seu dominio, así como os medios humanos e materiais necesarios para os supostos de emerxencia que, pola súa especial



extensión ou intensidade, sexan particularmente graves. Ademais, o acordo establece que ambas as dúas partes se intercambiarán reciprocamente información cartográfica.

Por último, o acordo aprobado esta mañá incorpora un anexo no que se establece un protocolo de comunicación e información recíproca e actuación conxunta para os supostos concretos de verteduras directas ou indirectas ao dominio Público Hidráulico; a verteduras de terra a mar; incendios industriais e aqueloutros de grande entidade que afecten ao dominio público hidráulico; intrusión ou sabotaxe de infraestruturas hidráulicas; e a activacións de plan de inundacións.

## **A XUNTA DE GALICIA CONSTRUIRÁ UN PUNTO LIMPO NO CONCELLO DE PORTO DO SON POR UN IMPORTE DE MÁIS DE 296.000 EUROS**

- ***As accións fundamentais centraranse na disposición das instalacións xerais, casetas e almacén, colectores e sinalización***
- ***Esta actuación atópase a medio camiño entre Portosín e Porto do Son, na zona chamada Agra de Bustelo, na antiga estrada de Cans***

O Consello da Xunta autorizou hoxe a colaboración técnica financeira entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e o Concello Porto do Son para a construción dun punto limpo neste municipio coruñés.

A Xunta de Galicia, a través da Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental, realizará un investimento de máis de 296.000 euros para o financiamento do 100% desta infraestrutura ambiental.

As obras obxecto da proposta corresponden a aquelas dirixidas á adecuada xestión dos residuos en Galicia, nos concellos que teñen un orzamento insuficiente para financiar estes proxectos.

Esta actuación atópase a medio camiño entre Portosín e Porto do Son, na zona chamada Agra de Bustelo, na antiga estrada de Cans, na parroquia de Nebra.

O punto limpo é un recinto preparado para que os cidadáns poidan depositar neles os residuos para os que é precisa unha xestión específica, polo seu tamaño ou pola súa composición.

Os obxectivos principais desta instalación son recuperar os materiais contidos nos residuos para a súa reciclaxe, evitar o veredura incontrolada de entullos e voluminosos e separar os residuos xerados nos fogares que representen un risco para o ambiente.

As accións fundamentais centraranse na disposición das instalacións xerais, casetas e almacén, colectores e sinalización. Tamén se executará un peche da canteira, un peche perimetral e unha porta de acceso. O proxecto tamén considera a urbanización e o axardinamento do contorno.

O Goberno galego, mediante a execución desta infraestrutura, responde a demanda dos habitantes de Porto do Son, xa que na actualidade existe un servizo de recollida que non cubre as necesidades dos veciños, cunha periodicidade dun día ao mes.

Coa posta en funcionamento deste servizo preténdese concienciar á poboación para tratar de erradicar as verteduras incontroladas e evitar a imaxe dos utensilios na metade da rúa durante varios días, nas zonas urbanas ata que se proceda á súa recollida.

### **Aposta polos puntos limpos**

A Xunta de Galicia leva posto en funcionamento un total de 13 novos puntos limpos nas catro provincias no que vai de lexislatura. Cómpre sinalar que a día de hoxe existen 124 puntos limpos na comunidade galega.

Neste tempo, a CMATI puxo en marcha os puntos limpos dos concellos da Peroxa, A Pobra de Trives, Terras de Celanova e Bande, na provincia de Ourense; en Guntín e Quiroga, na provincia de Lugo; na provincia da Coruña están situados nos concellos das Somozas, Curtis, Melide, Sobrado dos Monxes e Negreira; e nos concellos de Covelo e Cangas en Pontevedra.

Ademais, licitáronse 5 novos puntos limpos nos concellos do Pereiro de Aguiar, O Carballiño, Castro Caldelas, Vilamartín de Valdeorras e San Cibrao das Viñas.

Actualmente, está prevista a licitación dos puntos limpos de Fene- Cabanas, Porto do Son e Vila de Cruces.

### **Plan de Xestión de Residuos Sólidos Urbanos**

Esta actuación está prevista no Plan de Xestión de Residuos Sólidos Urbanos, aprobado de forma definitiva o pasado 13 de xaneiro no que se definen as estratexias en materia de RSU para a vixente década; dando resposta ás exigencias comunitarias sobre prevención da xeración de residuos e o fomento da reutilización, a reciclaxe e a recuperación.

Con este plan, que estará en vigor ata o ano 2020, o Goberno galego establece obxectivos ambiciosos e realistas para acadar un modelo de xestión sustentable e reducir as súas repercusións ambientais. A Xunta de Galicia mantén unha aposta clara e definitiva por unha adecuada valorización dos residuos sólidos urbanos (RUS) e traballa co fin de implicar neste propósito os concellos galegos.

O Executivo autonómico tamén trata de potenciar o principio de proximidade, para facilitar a xestión do sistema integral aos concellos, con todas aquelas medidas que lles permitan abaratar os seus custos de transporte.

Grazas a esta política de actuacións, Galicia sitúase na vangarda no referente ao tratamento de residuos, ao dispoñer dunha sistemática xestión integral, consolidada e sustentable dentro do territorio nacional e comunitario que, coas infraestruturas dispostas nestes momentos, garante o peche do ciclo iniciado coa recollida fraccionada en orixe.

## **MEDIO AMBIENTE INSTALARÁ UN PUNTO LIMPO NO CONCELLO DE VILA DE CRUCES MEDIANTE A ACHEGA ECONÓMICA DE MÁIS DE 262.000 EUROS**

- ***O punto limpo situarase nunha parcela situada a carón da estrada PO-960 (A Susana –Vila de Cruces), de 3.057 metros cadrados e anexa aos terreos do futuro polígono agroforestal***
- ***As obras a executar consistirán basicamente na colocación das instalacións xerais, unha caseta de oficina e recepción, almacén de residuos especiais e colectores***
- ***O Concello de Vila de Cruces comprométese a poñer a disposición todos os terreos necesarios para a normal execución das actuacións, así como xestionar todos os permisos precisos***
- ***Unha vez recibidas as obras, o concello debe asumir a súa explotación, mantemento e conservación***
- ***Esta actuación está prevista no Plan de Xestión de Residuos Sólidos Urbanos, dando resposta ás exixencias comunitarias sobre prevención da xeración de residuos e o fomento da reutilización, a reciclaxe e a recuperación***

O Consello da Xunta aprobou hoxe a colaboración técnica financeira entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e o Concello de Vila de Cruces para a construción dun punto limpo neste municipio pontevedrés.

A Xunta de Galicia, a través da Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental, realizará un investimento de máis de 262.000 euros para a execución desta infraestrutura ambiental.

A finalidade dos puntos limpos é minimizar as verteduras nos depósitos controlados, especialmente as que poden conter materiais biodegradables ou que poidan ser recuperables mediante a valorización.

As obras que se van executar consistirán basicamente na colocación das instalacións xerais, unha caseta de oficina e recepción, almacén de residuos especiais e colectores. Tamén se acondicionarán os accesos, disporase sinalización e executarase un peche perimetral.

Cómpre sinalar que o Concello de Vila de Cruces se compromete a poñer á disposición todos os terreos necesarios para a normal execución das actuacións, así como xestionar todos os permisos precisos.

O punto limpo situarase nunha parcela situada a carón da estrada PO-960, no polígono catastral 58, de 3.057 metros cadrados e anexa aos terreos do futuro polígono agroforestal, con servizos de auga e electricidade. Tamén linda cunha vía municipal pola parte leste, o cal conecta coa citada estrada, e desde o que se pode acceder ao predio sen que exista ningunha dificultade orográfica.

A Consellería de Medio Ambiente lembra que, unha vez recibidas as obras, o concello debe asumir a súa explotación, mantemento e conservación.

### **Aposta polos puntos limpos**

A Xunta de Galicia leva posto en funcionamento un total de 13 novos puntos limpos nas catro provincias no que vai de lexislatura. O novo Plan de Residuos Sólidos Urbanos prevé, ademais, a creación de preto de 300 novas instalacións deste tipo ata o ano 2020.

Nestes últimos dous anos puxéronse en marcha os puntos limpos dos concellos da Peroxa, A Pobra de Trives, Terras de Celanova e Bande na provincia de Ourense; en Guntín e Quiroga, na provincia de Lugo; na provincia da Coruña están situados nos concellos das Somozas, Curtis, Melide e Sobrado dos Monxes e Negreira; e nos concellos de Covelo e Cangas en Pontevedra.

Ademais, licitáronse 5 novos puntos limpos nos concellos do Pereiro de Aguiar, O Carballiño, Castro Caldelas, Vilarmartín de Valdeorras e San Cibrao das Viñas.

### **Plan de Xestión de Residuos Sólidos Urbanos**

Esta actuación está prevista no Plan de Xestión de Residuos Sólidos Urbanos, aprobado de forma definitiva o pasado 13 de xaneiro no que se definen as estratexias en materia de RSU para a vixente década; dando resposta ás exigencias comunitarias sobre prevención da xeración de residuos e o fomento da reutilización, a reciclaxe e a recuperación.

Con este plan, que estará en vigor ata o ano 2020, o Goberno galego establece obxectivos ambiciosos e realistas para acadar un modelo de xestión sustentable e reducir as súas repercusións ambientais. A Xunta de Galicia mantén unha aposta clara e definitiva por unha adecuada valorización dos residuos sólidos urbanos (RUS) e traballa co fin de implicar neste propósito os concellos galegos.

O Executivo autonómico tamén trata de potenciar o principio de proximidade, para facilitar a xestión do sistema integral aos concellos, con todas aquelas medidas que lles permitan abaratar os seus custos de transporte.

Grazas a esta política de actuacións, Galicia sitúase na vangarda no referente ao tratamento de residuos, ao dispoñer dunha sistemática xestión integral, consolidada e sustentable dentro do territorio nacional e comunitario que, coas infraestruturas dispostas nestes momentos, garante o peche do ciclo iniciado coa recollida fraccionada en orixe.

## **ECONOMIA E INDUSTRIA IMPULSA A VIABILIDADE DE TABLICIA MEDIANTE UN AVAL DE 1,3 MILLÓNS DE EUROS**

- ***A operación facilitaralle á empresa, que tamén consider ampliacións de capital, dispoñer do circulante que precisa para garantir o seu negocio***
- ***A empresa, con sede social en Nabela, Lugo, ten preto de 150 traballadores e da súa actividade dependen ademais 85 empregos noutras sociedades do grupo***

A Consellería de Economía e Industria impulsa a viabilidade da empresa Tablicia coa concesión dun aval de 1,3 millóns de euros que facilita unha operación de financiamento de circulante por importe de preto de 2 millóns de euros. A acción que vén de autorizar o Consello da Xunta formalizárase a través do Instituto Galego de Promoción Económica (Igape).

Tablicia S.A., empresa do sector madeireiro, dispón dun cadro de persoal integrado por preto de 150 traballadores, e da súa actividade industrial dependen ademais 85 empregos noutras sociedades do grupo. As actividades de Tablicia xeran tamén un considerable emprego indirecto, como consecuencia dos servizos loxísticos e de transporte que require a súa actividade, que supón a mobilización de arredor de 500 trailers mensuais.

Esta operación de financiamento de circulante está destinada a facilitar o desenvolvemento do plan de viabilidade que está a impulsar a sociedade para refinanciar a longo prazo pasivos a curto e que considera ademais, entre outras accións, impulsar ampliacións de capital. A operación modifica á baixa outra operación de garantías aprobada en decembro do pasado ano, que consideraba un aval do Igape de 1,95 millóns de euros para apoiar un préstamo de 3 millóns de euros e que non puido ser formalizada debido ás dificultades das negociacións da empresa coas entidades financeiras.

Xunto cos programas re-Brote e re-Solve+, a liña de avais do Igape constitúe un instrumento fundamental para que as empresas galegas viables que atravesan dificultades poidan obter financiamento para cubrir as súas necesidades de circulante ou para refinanciar a longo prazo os seus pasivos a curto.

Durante esta lexislatura, a través do Igape, a Consellería de Economía e Industria está a compartir riscos con máis de 2.400 empresas mediante operacións para avala, principalmente, préstamos destinados a financiamento de circulante.



## **A CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN ACHEGA 3,6 MILLÓNS DE EUROS PARA PRORROGAR OS CONTRATOS DE INVESTIGADORES DOS PROGRAMAS MARÍA BARBEITO, ISIDRO PARGA PONDAL E ISABEL BARRETO**

- ***Poderán acollerse a esta convocatoria ata 115 investigadores que deste xeito poderán continuar o seu labor***
- ***Desta forma a Xunta reafirma o seu apoio á I+D+i no Sistema Universitario de Galicia***

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria achegará máis de 3,6 millóns de euros para financiar a convocatoria de axudas das prórrogas correspondentes a accións de formación e incorporación de investigadores e tecnólogos no marco dos programas María Barbeito, Isidro Parga Pondal e Isabel Barreto; á súa vez integrados no Programa de recursos humanos do Plan Galego de Investigación, Desenvolvemento e Innovación Tecnolóxica-INCITE (2006-2010).

Desta forma, e aínda que o INCITE xa non está en vigor, a Consellería de Educación dá cumprimento ao establecido no devandito plan, que recollía a posibilidade de convocar as prórrogas dos programas María Barbeito para as concesións de 2009, Isidro Parga Pondal para as concesións de 2008 e Isabel Barreto para as concesións de 2009.

A esta convocatoria, á que hoxe deu o visto e praxe o Consello da Xunta, poderán acollerse ata 115 investigadores. Así Educación continúa a apoiar a I+d+i no Sistema Universitario de Galicia (SUG), co fin de impulsar a universidade como motor de desenvolvemento económico e social. Desta forma dáse ademais continuidade ao labor científico que os investigadores galegos están a desenvolver, evitando que teñan que buscar saídas laborais fóra de Galicia.

### **Duración e número de axudas**

Poderán ser beneficiarias das axudas as tres universidades do Sistema Universitario de Galicia (SUG) – A Coruña, Santiago de Compostela e Vigo- que prorroguen os contratos aos candidatos e candidatas seleccionados a través dun contrato laboral. Unicamente poderán prorrogarse os contratos que se teñan celebrado ao abeiro dos devanditos programas e convocatorias. As universidades serán as encargadas do pagamento dos correspondentes contratos, así como da presentación da xustificación ante a Secretaría Xeral de Universidades para proceder ao libramento das axudas.

No caso do Programa María Barbeito poderán financiarse un máximo de 66 contratos, cunha duración máxima das axudas de 6 meses e sempre que os destinatarios non teñan rematado a súa tese de doutoramento. O número máximo de prórrogas que se poderán outorgar do Programa Isidro Parga Pondal será de 20, cunha duración máxima de 2 anos. Respecto do Programa Isabel Barreto, establécese unha duración máxima de 2 anos para as axudas. O número máximo de prórrogas que se poderá conceder será de

9 para os titulados de formación profesional de grao superior e universitarios de só 1º ciclo, 16 para os titulados universitarios superiores, e 4 para os doutores.

### **Impulso da investigación**

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria está a desenvolver unha serie de actuacións para o impulso da I+d+i. Así, ademais destas prórrogas, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria investirá 6,3 millóns de euros na concesión de axudas do Programa de apoio á etapa predoutoral, no marco do Plan Galego de Investigación, Innovación e Crecemento 2011-2015 (Plan I2C) para o ano 2011. Deste xeito Educación incrementa o número destes contratos nun 35% - das 74 do ano 2009 ás 100 da presente convocatoria-.

Doutra banda a Consellería de Educación achegará 3,6 millóns de euros para impulsar a estabilización e contratación de 28 investigadores nas universidades galegas.

## **O CONSELLO AUTORIZA A SINATURA DO CONVENIO CO GOBERNO CENTRAL PARA O FINANCIAMENTO DOS PLANS DE ZONA DE GALICIA**

- ***Este convenio asinarase en aplicación da Lei 45/2007, de desenvolvemento sustentable do medio rural, e a súa aplicación suporá investimentos de máis de 170 millóns de euros no rural galego***
- ***Galicia é unha das dúas únicas comunidades autónomas que están en disposición de asinar este convenio, ao ter cumpridos os criterios de estabilidade orzamentaria marcados polo Goberno central***

O Consello da Xunta autorizou hoxe á Consellería do Medio Rural a sinatura dun convenio de colaboración co Ministerio de Medio Ambiente e Medio Rural e Mariño (Marm) para a execución, seguimento e avaliación das accións incluídas nos plans de zona dos seus territorios rurais, por un importe máximo para os orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia de 85.070.000,00 euros. O resto correspóndelle ao Estado.

Galicia é unha das dúas únicas comunidades autónomas que están en disposición de asinar este convenio, ao ter cumpridos os criterios de estabilidade orzamentaria marcados polo Goberno central. A maioría das comunidades autónomas teñen pechado o acceso a posible financiamento dos seus plans de zona ao exixir o Ministerio de Facenda o cumprimento do criterio de estabilidade orzamentaria ás administracións autonómicas para a sinatura do convenio de financiamento.

As actuacións recollidas nestes plans abarcan a dinamización e promoción turística, a mellora das infraestruturas viarias, as actuacións en materia forestal, saneamentos e abastecementos, mellora das dotacións para a terceira idade e en materia de sanidade, entre moitas outras, cunha incidencia importante sobre os habitantes das zonas rurais. As formas de poñer en marcha as actuacións poden ser investimento directo, convenio de colaboración ou convocatorias de ordes de axuda.

En aplicación da Lei 45/2007, de desenvolvemento sustentable do medio rural, en Galicia delimitáronse 12 zonas rurais con distintos niveis de prioridade, que abranguen a práctica totalidade do territorio galego. Estas zonas son, na Coruña, Rías Altas e Arco Ártabro; Terras de Santiago; Costa da Morte. En Lugo, As Mariñas; Lugo central; Lugo Sur e Montaña Lucense. En Ourense, Miño Central; Valdeorras; Depresións Ourenzás e Terras do Sil. En Pontevedra, Pontevedra Norte e Rías Baixas; Pontevedra Leste e Terras do Miño.

Para cada unha destas 12 zonas, elaborouse un plan de zona e creouse un órgano de participación e asesoramento, chamados consellos de zona. Para a súa elaboración abríronse dous procesos de participación pública para a recepción de achegas durante os meses de marzo e xullo de 2011, superándose as 1.200 achegas de todo tipo de entidades.

A maioría das actuacións recollidas nos plans –que xa foron sometidos a avaliación ambiental estratéxica culminando o proceso coa emisión das correspondentes memorias ambientais– serán cofinanciadas a partes iguais entre a Xunta de Galicia e a Administración xeral do Estado, e suporán un investimento total de máis de 170 millóns de euros entre os anos 2012 e 2016.

## **O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA OS PAGAMENTOS CORRESPONDENTES ÁS TAREFAS DE REXENERACIÓN DE ZONAS C DO MES DE SETEMBRO**

- ***Os pagamentos efectuaranse ás confrarías de Ferrol, Barallobre, Miño, Pontedeume, A Coruña, Baiona e de Raxó, Lourizán e Pontevedra***

O Consello da Xunta autorizou hoxe os pagamentos correspondentes aos traballos do mes de setembro de rexeneración de zonas C para as confrarías de Ferrol, Barallobre, Miño, Pontedeume, A Coruña, Baiona e de Raxó, Lourizán e Pontevedra (Agrupación Lonxa de Campelo).

As cantidades que se van remitir ás confrarías polos labores de rexeneración das zonas C supoñen un total de máis de 659.400 euros, correspondendo á confraría da Coruña máis de 64.400 euros, aos de Ferrol preto de 385.000 euros, aos de Barallobre máis de 146.600 euros, aos de Miño máis de 22.400, aos de Pontedeume máis de 11.500 euros, aos de Baiona algo máis de 4.700 euros e ás confrarías de Raxó, Lourizán e Pontevedra máis de 24.700 euros.

Simultaneamente, o departamento que dirixe Rosa Quintana traballou na clasificación das localizacións para o desenvolvemento dun sistema de reinstalación, de feito, a semana pasada a Consellería publicou na súa páxina web para información pública o borrador da orde pola que se declaran e clasifican as novas zonas de reinstalación de moluscos bivalvos procedentes de zonas C, que permanecerá na rede durante 15 días hábiles para posibles alegacións.

Unha vez publicada a Orde no *Diario Oficial de Galicia*, as confrarías interesadas poderán trasladar os moluscos das zonas C á zona de reinstalación para a súa depuración e posterior venda en fresco. A Consellería do Mar estima que permitirá recuperar en Galicia unha produción dunhas 450 toneladas anuais máis de moluscos bivalvos que xerarían arredor de 6 millóns de euros de valor no mercado.

## **JAVIER GUERRA PRESENTA ANTE O CONSELLO DA XUNTA A PROPOSTA REMITIDA A BRUXELAS COAS ALTERNATIVAS AO TAX LEASE**

- *A totalidade do Goberno galego reitera o seu compromiso co sector naval*
- *As novas propostas foron enviadas o pasado luns aos ministerios de Economía e Industria, á Comisión Europea, aos grupos parlamentarios e ao Consello Económico e Social Europeo*
- *Ante a falta de actuación do Goberno de España, a Xunta de Galicia urxe unha contestación o antes posible ás súas propostas a prol dun novo sistema de financiamento que garanta a contratación de buques*
- *A Xunta defende que é posible a aprobación do novo sistema no límite de xaneiro de 2012*

O conselleiro de Economía e Industria presentou hoxe ante o Consello da Xunta o informe que recolle as propostas do novo sistema de tax lease que foi elaborado pola consellería co fin de pór en marcha unha solución capaz de garantir un sistema fiscal que permita a supervivencia dun sector estratéxico para Galicia. O informe, aprobado o pasado luns pola Mesa do Diálogo Social do Sector Naval, foi remitido aos ministerios de Economía e Industria, á Comisión Europea, aos grupos parlamentarios e ao Consello Económico e Social Europeo.

O conselleiro explicou ao equipo de Goberno, que reiterou o seu apoio e compromiso co sector, que ante as recentes informacións sobre a intención da Unión Europea de non autorizar outra proposta de tax lease que non sexa o sistema francés, levou a cabo unha análise detallada do réxime galo. Este modelo considera unha amortización a oito anos, algo que non resulta válido para as necesidades dos estaleiros galegos, polo que se propón unha solución baseada na amortización anticipada e acelerada do buque e outra que considera a libre amortización de aquí ao ano 2015. No informe recóllese que calquera das propostas poderían estar aprobadas en xaneiro de 2012.

As dúas propostas céntranse na defensa dun sistema de amortización máis rápido, con máis vantaxes fiscais, facilitando así a contratación dos novos barcos. Coa elaboración e envío destas propostas a Xunta de Galicia adiántase novamente ao Goberno central co fin de atopar unha solución que dea viabilidade ao naval. Desde Galicia esíxese ao Goberno central que se poña a traballar de forma inmediata para pór en marcha o antes posible unha solución, xa que das súas xestións depende a supervivencia dun sector que dá emprego na comunidade a máis de 14.000 traballadores.